

REGULAMENTO PARA REALIZAR O TRABALLO DE FIN DE GRAO NA FACULTADE DE CIENCIAS

(Aprobado na xunta de facultade do 17 de abril de 2026)

Artigo 1. Aspectos xerais

1. A realización do traballo de fin de grao (en adiante, TFG) é un requisito imprescindible para obter o título de Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Grao en Enxeñaría Agraria, Grao en Ciencias Ambientais, Programa conxunto de estudos oficiais (PCEO) Enxeñaría Agraria-Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, e Programa conxunto de estudos oficiais (PCEO) Enxeñaría Agraria-Ciencias Ambientais, que se imparten na Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo.
2. As directrices xerais relativas á definición, elaboración, presentación, defensa e avaliación administrativa dos TFG da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo regularanse polo Regulamento para a realización do traballo de fin de grao da Universidade de Vigo, o presente regulamento e o resto de normativas e procedementos da Universidade de Vigo en vigor ou que se puidesen aprobar relativas ao desenvolvemento e xestión da docencia de titulacións oficiais.
3. O TFG do Grao en Enxeñaría Agraria rexerese pola Orde CIN/323/2009, do 9 de febreiro, publicada no BOE do 19 de febreiro de 2009, e subsidiariamente polo disposto no apartado 5.
4. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos TFG forman parte das obrigas docentes do profesorado.

Artigo 2. Comisión responsable

A comisión responsable da correcta aplicación e interpretación do presente regulamento é a comisión permanente da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo (en adiante, CP).

Artigo 3. Definición do TFG

1. O TFG forma parte como materia do segundo cuatrimestre de cuarto curso dos graos da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo, cunha carga de 6 ECTS, excepto no Grao de Enxeñaría Agraria, onde ten unha carga de 12 ECTS. Nos PCEO impartidos na Facultade de Ciencias, os TFG terán unha carga igual ás titulacións de grao (12 + 6).
2. O TFG é un traballo persoal e orixinal, tanto no título coma nos contidos, que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirle mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título. En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos na actividade doutras materias da titulación.
3. Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do TFG elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas titoras ou cotitoras, e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos termos e condicións previstos na lexislación vixente.
4. No caso do Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e do Grao en Ciencias Ambientais, e nos PCEO na parte correspondente destes graos, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente poden participar varios/as estudantes, cada un nunha parcela precisa da tarefa global. Este feito será autorizado pola CP. Neste caso, o estudantado implicado nun mesmo traballo compartirá titor/a e terá o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación, defensa e avaliación serán individuais.



5. O TFG poderá posuír a estrutura de proxecto de enxeñaría, informe/estudo técnico, traballo de investigación ou traballo bibliográfico, de forma que poida relacionar os coñecementos adquiridos polo estudiantado no seu desenvolvemento curricular.
6. O TFG poderá realizarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo. Nese caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou á empresa. A persoa titora da Facultade de Ciencias compartirá as tarefas de dirección e orientación, ademais de facilitar a xestión do TFG.
7. O TFG terá a súa guía docente, incluídos os criterios de avaliación, axeitada á normativa correspondente da Universidade de Vigo e única para cada unha das titulacións de grao da Facultade de Ciencias. A avaliación rexerese por unha rúbrica axeitada a cada unha das tipoloxías, que serán aprobadas pola xunta de facultade.

Artigo 4. Matrícula do TFG

1. A matrícula no TFG realizarase acorde coa normativa da Universidade de Vigo e será necesario ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.
2. A matrícula no TFG dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se cumpran as condicións para o defender expostas no artigo 8 da presente normativa, e a súa validez remata o último día hábil do curso académico.

Artigo 5. Titorización do TFG

1. O TFG realizarase baixo a supervisión e a dirección dunha persoa que exercerá as tarefas de titorización.
2. A titorización consistirá en supervisar e orientar o/a estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao TFG; así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a súa presentación e defensa.
3. Poderá actuar como persoa titora calquera PDI da Universidade de Vigo con docencia maioritaria na Facultade de Ciencias no momento da inscrición da solicitude do TFG. O cotitor/a poderá ser persoa docente ou investigador da Universidade de Vigo. Ademais, o cotitor/a poderá pertencer a unha institución ou empresa externa onde o/a estudante desenvolva o seu TFG; neste caso, precisarase o visto e prace da CP.

Artigo 6. Asignación de titorización e temática do TFG

1. Cada estudante pode chegar a un acordo cun PDI, que cumpra os requisitos do apartado 3 do artigo 5, para que sexa titor/a do seu TFG, en calquera momento.
2. A CP asignaralle titor/a e temática do TFG a todo estudante matriculado na materia que non dispoña de titor/a, garantindo que todo o estudiantado teña a debida titorización e respectando os intereses de ambas as partes.
3. A Facultade de Ciencias facilitará as «normas de estilo» para cada tipoloxía de TFG.
4. A adxudicación de titor/a e temática terá validez durante dous cursos académicos. Unha vez transcorridos terá que volver realizarse un novo proceso de adxudicación ou renovación.
5. Unha vez asignado titor/a e temática, entregarase na secretaría do decanato unha solicitude para o TFG, cunha antelación superior a 60 días naturais á solicitude da súa defensa.



6. A solicitude realizarase mediante o impreso normalizado que se facilitará na secretaría do decanato ou estará dispoñible na páxina web da Facultade de Ciencias. O devandito impreso conterá como mínimo a tipoloxía de TFG seleccionada (de acordo co artigo 3.5); a identidade do/a estudante; a identidade do titor/a; a identidade do cotitor/a, se procede; o título proposto para o TFG, os obxectivos e unha breve descrición do TFG proposto. Este impreso deberá vir asinado polo/a estudante, o titor/a e o cotitor/a, de ser o caso.
7. O equipo decanal examinará as solicitudes de TFG para a súa aprobación e convocará unha CP cando considere que algunha solicitude non é axeitada, para que a CP a examine. No caso de non ser aprobada pola CP, enviaráselles ao/a estudante e ao titor/a un informe razoado, que establecerá un prazo de 10 días naturais para emendar as deficiencias detectadas.
8. Atendendo ao informe da CP, o/a estudante tamén pode presentar unha solicitude totalmente nova, e comezará un prazo de 60 días naturais.

Artigo 7. Cambios na asignación do TFG

1. O/A estudante poderá solicitarlle á CP o cambio de titor/a, para o que deberá presentar unha solicitude motivada.
2. O titor/a poderá solicitarlle á CP a súa renuncia á titorización dun TFG asignado, para o que deberá presentar unha solicitude motivada.
3. A CP poderá autorizar estes cambios e deberá motivar a súa decisión no caso negativo.
4. Cando se dean casos de baixa prolongada ou finalización da súa vinculación coa Universidade de Vigo, a CP substituirá a persoa titora ou cotitora.

Artigo 8. Tramitación e presentación dos TFG

1. É responsabilidade do/a estudante realizar todos os trámites necesarios para solicitar a defensa do TFG, especialmente os trámites telemáticos.
2. O titor/a deberá autorizar a solicitude de defensa do TFG presentada polo/a estudante. Excepcionalmente, a CP poderá autorizar a defensa sen a autorización favorable do titor/a, tras a petición formal e motivada do/a estudante, nomeando o secretario/a da facultade como titor/a administrativo do devandito TFG.
3. Cunha antelación non inferior a 10 días naturais ao comezo do período de defensa, o/a estudante depositará unha copia provisional do TFG na carpeta da súa secretaría virtual e o titor/a deberá subir o informe de avaliación correspondente, seguindo o procedemento da Facultade de Ciencias. A CP informará se o TFG é apto ou non apto para a súa presentación perante o tribunal.
4. No caso de que o informe referido no apartado anterior sexa non apto, a CP deberá xustificalo. O ditame de non apto implicará a paralización da tramitación do TFG e a súa devolución ao/a estudante para que efectúe as modificacións pertinentes.
5. No caso de considerarse o TFG como apto pola CP, o/a estudante deberá subir o documento, inicialmente provisional, como definitivo na carpeta correspondente da súa secretaría virtual, cunha antelación non inferior a 7 días naturais con respecto á súa data de defensa.
6. O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para obter o título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG.



Artigo 9. Elección e nomeamento dos tribunais dos TFG

1. Os tribunais encargados de avaliar os TFG serán nomeados pola CP entre o PDI con docencia na facultade. Serán tribunais colexiados compostos por tres membros, en que actuarán un como presidente/a, outro como vogal e outro como secretario/a.
2. En función das características dos TFG presentados, ou do número de estudantes matriculados, poderán nomearse varios tribunais para unha mesma titulación ao longo de cada curso académico.
3. Non poderá formar parte dun tribunal o titor/a ou o cotitor/a dalgún dos TFG que sexan avaliados polo devandito tribunal.
4. De ser necesario substituír algún dos membros dun tribunal, o equipo decanal poderá nomear suplentes.
5. De maneira excepcional, a CP poderá autorizar que formen parte do tribunal outro persoal docente, persoas colaboradoras ou membros de institucións externas á Universidade de Vigo, que posúan unha titulación de nivel igual ou superior ao grao e que poderán actuar en calidade de vogais, con voz e voto, ou como persoas asesoras con voz e sen voto.

Artigo 10. Exposición e defensa dos TFG

A CP fixará a data, lugar e hora de exposición de cada TFG, que será publicitada polo menos nos taboleiros da Facultade de Ciencias ou na páxina web.

1. O tribunal de avaliación constituirase formalmente coa debida publicidade e antelación ao acto de defensa.
2. O titor/a e, se procede, o cotitor/a poderán estar presentes con dereito a voz no acto de defensa.
3. A exposición do TFG por parte do/a estudante será presencial, pública e oral. O tempo do que disporá o/a estudante para expoñer os aspectos do TFG que estime oportunos será fixado polo presidente/a do tribunal; recoméndase unha duración de 10 minutos.
4. Tras a exposición, o tribunal poderá formular as preguntas que estime oportunas co fin de avaliar os distintos aspectos reflectidos no TFG.
5. A avaliación do TFG polo tribunal é a porta pechada e poden estar presentes nas deliberacións, con voz e sen voto, o titor/a e, se procede, o cotitor/a. Cada membro do tribunal aplicará a rúbrica para dar a súa cualificación individual. A nota do tribunal será a media das notas que emitan os membros do tribunal presentes. O presidente/a do tribunal redactará a acta e reflectirá a nota obtida polo/a estudante. Ademais, o tribunal redactará un informe sobre a avaliación do TFG, que se incluírá na acta.

Artigo 11. Cualificación definitiva dos TFG

1. A cualificación do TFG dividirase nun 25 % para o informe que realice o titor/a e un 75 % para a cualificación do tribunal. O tribunal terá acceso ao informe do titor/a con anterioridade á defensa do TFG. Tanto o informe do titor/a coma a avaliación do tribunal realizarase seguindo unha rúbrica. Esta rúbrica amosarase nos taboleiros da facultade ou na páxina web.
2. Se a nota do TFG é igual ou superior a 9,0, o tribunal poderá propoñelo para matrícula de honra. Esta proposta indícarase na acta e a cualificación definitiva quedará pendente ata a resolución da CP, unha vez finalizadas todas as exposicións dos TFG do curso académico. Tras estudar todas as propostas de matrícula de honra, decidirá cales se conceden, co máximo permitido pola normativa académica da Universidade de Vigo.



3. No caso de obter unha avaliación de suspenso, o tribunal fará chegarlles ao/á estudante e ao seu titor/a un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o TFG.
4. En caso de desconformidade, o/a estudante ten dereito a solicitar unha segunda avaliación ante o decano/a da facultade nun prazo de 10 días a partir do peche da acta do TFG. Tras recibir a solicitude, a CP nomeará un tribunal de tres profesores/as. No caso que o CP non considere procedente o nomeamento do tribunal, deberá motivarse de forma suficiente a decisión e remitila ao decano/a.

O tribunal confirmará ou modificará a cualificación outorgada nun prazo de cinco días hábiles desde o seu nomeamento, e dentro do período de quince días hábiles contados desde a recepción da reclamación na facultade. A resolución estará sempre motivada.

Unha vez recibida a resolución do tribunal, o decano/a notificará de forma inmediata ao interesado/a e ao presidente/a do tribunal avaliador para que proceda á modificación da cualificación, de ser o caso. De ser desfavorable a resolución poderase interpor, nun prazo de dez días hábiles dende a súa notificación, un recurso de alzada perante o reitor/a.

5. A entrega de actas dos TFG estará rexida polos tempos máximos de entrega de actas de cada convocatoria e pola data de inicio administrativa do novo curso académico.

Disposición derogatoria

Queda derogado o regulamento para a realización do traballo de fin de grao na Facultade de Ciencias (aprobado na xunta de facultade 16 de decembro de 2025) e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao presente regulamento.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico oficial da Universidade de Vigo, tras aprobalo a xunta de facultade.

